


PARQUE, DAS UTOPIÁS

5, 6, 12 E 13 DE AGOSTO



PARQUE DE SANTA MARGARIDA // A CORUÑA

~ PARQUE DAS UTOPIÁS ~

A CORUÑA , 2-13 AGOSTO

O PARQUE DAS UTOPIÁS É MOITO MÁIS CA UNHA PROGRAMACIÓN CULTURAL PARA AS FAMILIAS: É UN ESPAZO, NO PARQUE DE SANTA MARGARIDA, QUE CONVIDA A QUE SOÑEMOS UN FUTURO MELLOR, MÁIS SOLIDARIO, IGUALITARIO E RESPECTUOSO, CONVIDÁNDONOS A TRANSFORMAR A NOSA REALIDADE MÁIS PRÓXIMA.

UN ESPAZO QUE TAMÉN SE ESPALLA POLA CIDADE DA CORUÑA NA SECCIÓN A UTOPIÁ EN MOVEMENTO; UN ESPAZO ONDE TODO É POSIBLE GRAZAS Á MAXIA, AO CIRCO, AO CLOWN, Á MÚSICA... CON ESE ESPÍRITO DO CIRCO, DE FACER "O IMPOSIBLE POSIBLE E O POSIBLE BELO", UN LUGAR ATRAVESADO POLA SOLIDARIEDADE, A CONCIENCIA MEDIOAMBIENTAL, A LINGUA E CULTURA GALEGAS, A COOPERACIÓN E A IGUALDADE DE XÉNERO, DESDE A ALEGRÍA E O OPTIMISMO



5 AGOSTO ~ PARQUE DE SANTA MARGARIDA ~

17.00 H ANIMACIÓN TROULEIRA DE BENVIDA

17.30 H ODAIKO PERCUSIÓN: INVENCIÓN 4

18.30 H A TROPA DO TRAPO: O RITMO DO CAMIÑO 1

20.00 H ESPECTÁCULO FINAL. CIRCOOPERA 3

21.00 H DESPEDIDA 3

- EXPOSICIÓN: PALLASOS EN REBELDÍA EN IDOMENI (GRECIA)
- XINCANA COOPERATIVA 8
- 18.30 H OBRADOIRO E CONTO EN LINGUA DE SIGNOS 7
- 17-20 H ESPAZO PARA BEBÉS 2
CO ESPECTÁCULO A ALFOMBRA MÁXICA DE MIRARI URRUZOLA (17.30 E 19.00 H)
- MBOLO MOOYE DOOLE: ANIMACIÓN CON PERCUSIÓN AFRICANA
- ESPAZO FEIRA 5

6 AGOSTO ~ PARQUE DE SANTA MARGARIDA ~

17.00 H OS QUINQUILLÁNS: NO FONDO DO MAR

17.15 H FALCATRÚA: O ESPÍRITU DO BOSQUE 1

18.00 H FANTOCHES BAJ: FÁBULA GALÉNICA 7

18.30 H TURUKUTUPA: REZIKLETAS 4

20.00 H MALAS COMPAÑÍAS: TXATARRA 3

21.00 H DESPEDIDA 3

- INSTALACIÓN: GARABATO DE XOGO 6
- INSTALACIÓN: REZICLONK 6
- ANXO MOURE: CICLOBIBLIOTECA (17 A 20 H)
- 17-20 H ESPAZO PARA BEBÉS 2
CO ESPECTÁCULO BAILA ROQUE BAILA DE BAOBAB TEATRO (17.30 E 19.00 H)
- ESPAZO FEIRA 5

12 AGOSTO ~ PARQUE DE SANTA MARGARIDA ~

17.00 H BENVIDA: VANE RIVAS

17.00 H MUNDO MANDARINA: O MEU AVÓ É MAGO 7

18.00 H CÍA DUELIRIUM: WELCOME 1

19.00 H SHAKTI OLAIZOLA: IRAKURRIZ 4

20.00 H ESPECTÁCULO FINAL: GALA ARTÍSTICA FEMININA 3

21.00 H DESPEDIDA 3

- MÓNICA DE NUT: NON TE CORTES COA ÓPERA (17.00 A 18.00 H)
- XINCANA POLA IGUALDADE 8
- 17-20 H ESPAZO PARA BEBÉS 2
CO ESPECTÁCULO PERCUBE BEBÉ DE MARCELO DOBODE E BEA MARTÍNEZ (17.30 E 19.00 H)
- ESPAZO FEIRA 5

13 AGOSTO ~ PARQUE DE SANTA MARGARIDA ~

17.00 H FANFARRIA TAQUIKARDIA

17.30 H BIGOLIS TEATRE: PETE & PAT 1

18.30 H PABLO DÍAZ: TOC TOC 4

20.00 H O SONORO MAXÍN E O XIQUI, XOQUE FIÚ FIÚ 3
DA FAMILIA MARÍA FUMAÇA

21.00 H DESPEDIDA 3

- ESPAZO DE INTERACIÓN COS MÚSICOS 6
- ESPAZO "TOCA TI MESMO" 6
- 18.30 H OBRADOIRO PERCUSIÓN: ALOU TAMA 7
- 17-20 H ESPAZO PARA BEBÉS 2
CO ESPECTÁCULO ARROLOS E CONTIÑOS DE MIGALLAS (17.30 E 19.00 H)
- ESPAZO FEIRA 5

~ A UTOPIÍA EN MOVEMENTO ~

2 AGOSTO

- **PANTHEA:** CARAPUCHIÑA VERMELLA E O CONTO DO LOBO
PRAZA DE AZCÁRRAGA ÁS 19.00 H

3 AGOSTO

- **MUNDO MANDARINA:** LABORATORIO MÁXICO
PARQUE DE VIOÑO ÁS 19.00 H
- **OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN:** DOUS PALLASOS EN MÁIS APUROS
PRAZA DAS CONCHIÑAS ÁS 20.00 H

4 AGOSTO

- **FALCATRÚA:** LINOCHO E A LÚA
PRAZA DE SANTA MARÍA ÁS 19.00 H
- **CARAMUXO:** FEO
PRAZA DO HUMOR ÁS 20.00 H

8 AGOSTO

- **TRÍO REFUGALLO:** RITMO REFUGALLO
RUA BARCELONA ÁS 19.00 H
- **FALCATRÚA:** LINOCHO E A LÚA
PRAZA DE AZCÁRRAGA ÁS 19.00 H
- **PETER PUNK:** PEOR IMPOSIBLE
PRAZA DE LUGO ÁS 20.00 H
- **ROJO TELÓN:** SOY ELLAS
FONTE DOS SURFISTAS ÁS 20.00 H



9 AGOSTO

- **TRÍO REFUGALLO:** RITMO REFUGALLO
RÚA REAL ÁS 19.00 H
- **PANTHEA:** CARAPUCHIÑA VERMELLA E O CONTO DO LOBO
PRAZA DE SANTA MARÍA ÁS 19.00 H
- **OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN:** DOUS PALLASOS EN MÁIS APUROS
PRAZA DOS ÁLAMOS - BARRIOS DAS FLORES ÁS 20.00 H

10 AGOSTO

- **TRÍO REFUGALLO:** RITMO REFUGALLO
XARDÉNS MÉNDEZ NÚÑEZ ÁS 19.00 H
- **CARAMUXO:** FEO
PRAZA DE AZCÁRRAGA ÁS 19.00 H
- **JAVI JAVICHY:** VELÓ COMO EL RAYO
PRAZA DE LUGO ÁS 20.00 H

11 AGOSTO

- **FUMAN:** MUSICOLOCO
PRAZA ELÍPTICA. ÁS ROREIRAS ÁS 19.00 H
- **TROULA:** HAKUNA MATATA - PASARRÚAS
PASEO DO PARROTE ÁS 18.30 E 20.00 H
- **DJUGGLEPY:** IL DIABOLO
PRAZA DAS CONCHIÑAS ÁS 20.00 H



OS ESPECTÁCULOS

PARQUE DAS UTOPIÁS



ODAIKO PERCUSIÓN: INVENCIÓN

ODAIKO FAI UN REPASO DAS GRANDES INVENCIONS DO SER HUMANO AO LONGO DA HISTORIA. EN "INVENCIÓN", A IMAXINACIÓN E A CREATIVIDADE SON PEZAS FUNDAMENTAIS PARA A CREACIÓN DE NOVOS OBXECTOS E BÚSQUEDA DE SOLUCIÓNS ÁS QUE O SER HUMANO SE TEN QUE ENFRONTAR NO DÍA DÍA.



A TROPA DO TRAPO: O RITMO DO CAMIÑO

TODO COMEZOU HAI ANOS, NUN PARQUE. ANTÍA ERA GALEGA E WAMBA DO CONGO. CHOCARON E COMPARTIRON O QUE TIÑAN: ANTÍA A SÚA MERENDA E WAMBA AS SÚAS HISTORIAS. E AÍ COMEZOU UN CAMIÑO... E AGORA OS SEUS CAMIÑOS SEPARÁRONSE. ANTÍA É UNHA COOPERANTE NA ALDEA DE WAMBA, EN ÁFRICA, E WAMBA PERCORRE EUROPA BUSCÁNDOSE A VIDA. AÍNDA QUE NO FONDO OS DOUS ANDAN O MESMO CAMIÑO: O SEU.

VARIAS COMPAÑÍAS: CIRCOOPERA

PETER PUNK PRESENTA UNHA GALA QUE CONTARÁ CO CLOWN E MALABARISTA **MERECLOWN** (DAVID MERELAS), **AMONTONADOS POR AZAR**, **DESASTRONAUTS** E A ACRÓBATA **SUE MORENO**.



OS QUINQUILLÁNS: NO FONDO DO MAR

IMPRESIONANTE PASARRÚAS QUE PROPÓN UNHA EXPEDICIÓN CO CAPITÁN BARBA BRANCA POLO FONDO DO MAR: ANÉMONAS, MEDUSA, CABALIÑOS DE MAR, PEIXES DE CORES, MANTAS E ESTRELAS DE MAR TOMARÁN AS RÚAS DA CIDADE PARA MERGULLALA NO OCÉANO.



FALCATRÚA: O ESPÍRITO DO BOSQUE

ESPECTÁCULO QUE COMBINA O TÍTERE TRADICIONAL CUNHA COIDADADA POSTA EN ESCENA E DESEÑO DE LUCES. UN BOSQUE É INVADIDO POLO LIXO E CELES, TRAPEIRO CALÉ, MANTEDOR INCONSCIENTE DO PRECARIO MEDIO, É CAPTADO POR UN RUÍN ESPECULADOR.



FANTOCHES BAJ: FABULA GALÉNICA

NA COMARCA DE CATAÓS VEN REDUCIDOS OS SEUS RECURSOS POLO DESEÑO DO REI DON CARDO DE CONSTRUIRSE UN CASTELO NOVO E DESPROPORCIONADO. ISTO OBRIGA AO BURRO EDUARDO XUNTO COA RAPOSA, O LOBO E O REGATO A ORGANIZÁRENSE NA SÚA LOITA CONTRA O REI PARA RECUPERAR A VIDA DA FRAGA E A SÚA CONTORNA.



TURUKUTUPA: REZIKLETAS

CATRO ACTORES-MÚSICOS (VÍCTOR GARCÍA DE LA TORRE, MANUEL TEBAR, IKER BARRIENTOS, SERGIO LÓPEZ DE LANDACHE) REALIZAN UNHA POSTA EN ESCENA CONSISTENTE NUN CONCERTO ITINERANTE, CUN SOPORTE SONORO COMPLETAMENTE ACÚSTICO E REALIZADO A PARTIR DE MATERIAIS RECICLADOS E REUTILIZADOS.



MALAS COMPAÑÍAS: TXATARRA

ESPECTÁCULO DE CIRCO E TEATRO DE RÚA PARA TODOS OS PÚBLICOS QUE UTILIZA O HUMOR, O TEATRO, A MANIPULACIÓN DE OBXECTOS E A ACROBACIA PARA MERGULLAR O PÚBLICO NUN TRABALLO ESPECTACULAR, DIVERTIDO E TENRO SOBRE O LIXO.



ANXO MOURE: CICLOBIBLIOTECA

UN DÍA OS CONTOS DECIDIRON SUBIRSE A UNHA BICICLETA, CARGADOS NUN CICLOCARRO CONSTRUÍDO EN DINAMARCA. OS CONTOS PERCORREN RÚAS, BOSQUES, PRAIAS E PRAZAS, PARA ENGAIOLAR A GRANDES E PEQUENOS, PARA REIVINDICAR A LECTURA E A ESCOITA COMO FERRAMENTA CULTURAL E PARA DESCONTAMINAR O MUNDO CUNHAS SIMPLES PEDALADAS CULTURAIS.



MANDARINA: O MEU AVÓ É MAGO

A MAGA CÓMICA PRESENTA UN ESPECTÁCULO ONDE UNHA NENA PALLASA E MOI TRASTE ANDA A FEDELLAR NOS MATERIAIS DE MAGO DO SEU AVÓ, O GRANDE ILUSIONISTA ANTÓN CHIPIRÓN, DISPOSTOS PARA A FUNCIÓN. TERÁ MIL INCIDENTES CON ELES, PERO OS PEQUENOS VOLUNTARIOS DO PÚBLICO AXUDARANA.



CÍA DUELIRIUM: WELCOME

"WELCOME" DESENVÓLVESE NUN CUARTO DE 12 METROS CADRADOS, CUXAS PAREDES -INVISIBLES- SON TESTEMUÑA DO REENCANTRO DE DÚAS AMIGAS TRAS UNHA LONGA TEMPADA SEN VERSE. O PÚBLICO PRESENCIARÁ AS ANÉCDOTAS, RISAS E LÍOS QUE AS DÚAS MULLERES PROTAGONIZARÁN NESE CUARTO.



SHAKTI OLAIZOLA: IRAKURRIZ

PODEREMOS VER COMO O FEITO DE LER É UN XOGO, DESAFÍO E DELEITE, VENDO COMO A ARTISTA MESTURA OS LIBROS COA DANZA, A VOZ, OS EQUILIBRIOS E A CONTORSIÓN. SHAKTI OLAIZOLA APOSTA POR UNHA LINGUAXE DIFERENTE QUE MERGULLA O PÚBLICO NUN IMAXINARIO DISPARATADO E DELIRANTE.



GALA FEMININA:

PRESENTADA POR VANESSA RIVAS, CONTARÁ COAS ACROBACIAS DE PAULA QUINTÁS E MARTA ALONSO, A ACTUACIÓN DE MANDARINA EFECTOS SECUNDARIOS, A NANA PARA ESPERTAR DE MÓNICA DE NUT E ÁNXELA BLANCO, E MÁIS ACROBACIAS CON RAQUEL VEGANZONES.



MÓNICA DE NUT: NON TE CORTES COA ÓPERA

INTERVENCIÓN DE MICROÓPERA DA CANTANTE: SOPRANO LIXEIRA OFRÉCESE DE PERRUQUEIRA EN PLENA RÚA. NON É O BARBEIRO DE SEVILLA NIN CANTA A ROSSINI, PERO PARA UN CORTE DE PUNTAS BEN VALE UN CACCINI.



FANFARRIA TAQUIKARDIA

GRUPO DE MÚSICA EXTREMO FESTEIRO DE REPERTORIO TAQUICÁRDICO, QUE VAI DAS MELODÍAS BALCÁNICAS A COÑECIDAS PEZAS DA MÚSICA CLÁSICA E MAIS DO CINE, PASANDO POLA MÚSICA TRADICIONAL GALEGA E LATINA, ACHEGÁNDOLLE SEMPRE O ESPÍRITO NECESARIO PARA O BAILE E A FESTA.



BIGOLIS TEATRE: PETE & PAT

DOUS ELEGANTES CICLISTAS CONDUCEN UN TÁNDEM QUE EMPURRA A UN PIANISTA QUE TOCA ANIMADAS MELODÍAS. CANDO PARAN, O PIANO TORNA TEATRIÑO DE MONICREQUES ONDE SE REPRESENTAN AS AVENTURAS DE PETE E PAT, UNHA LEBRE NERVIOSA E UN BULLDOG TRANQUILO.



PABLO DÍAZ: TOC TOC

PREMIO MARTÍN CÓDAX DE MÚSICA INFANTIL 2014, TOC TOC É UN MOLLO DE CANCIÓNS CHEAS DE LEDICIA, ILUSIÓN, AMIZADE E COMPAÑEIRISMO, ONDE NON TEÑEN CABIDA OS MALOS ROLLOS E SI A DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE, A PROTECCIÓN DOS ANIMAIS E TODAS ESAS COUSAS QUE NOS AXUDAN A FACER UN MUNDO MELLOR.



O SONORO MAXÍN

O SONORO MAXÍN REINVENTÁSE CUN FORMATO NO QUE ACHEGA A SÚA MÚSICA ÁS RÚAS E PRAZAS, REDUCIDO E MOI ADAPTABLE. A BANDA VIAXA NUNHA FURGONETA QUE LEVA O SEU PROPIO EQUIPO DE SON.



O XIQUI, XOQUE FIÚ FIÚ

XIQUI XOQUE FIÚ FIÚ AGLOMERA AO MÁIS NUTRIDO DA MÚSICA GALEGA ARREDOR DUN PROXECTO QUE APOSTA POLA DIFERENZA COMO UN XEITO DE OLLAR MELLOR E MÁIS LONXE. DESTA NOVA VOLTA, ESTE PROXECTO MUSICAL CONTA COA COLABORACIÓN DE EXCELENTES MÚSICOS E MÚSICAS, ADEMAIS DE TODA A FAMILIA MARÍA FUMAÇA.

ESPAZO BEBÉS



MIRARI URRUZOLA: A ALFOMBRA MÁXICA

A ALFOMBRA MÁXICA É UN LUGAR DE LIBRE EXPERIMENTACIÓN, UNHA ALFOMBRA TÁCTIL, SONORA E OLFACTIVA ONDE A ARTISTA PLÁSTICA CONVIDA AOS MÁIS PEQUENOS A MERGULLARSE NUNHA VIAXE SENSORIAL. XUNTOS DESCOBREN O PRACER DE APALPAR, MANIPULAR, ESCOITAR, VER, SABOREAR...



BAOBAB TEATRO: BAILA ROQUE BAILA

BAILA ROQUE, BAILA! É UN ESPECTÁCULO DE TEATRO E CONTOS DINÁMICO, DIVERTIDO E PARTICIPATIVO ONDE OS CONTOS E OS BAILES TEÑEN CABIDA. ANDREA, DESTA VEZ, ESTARÁ ACOMPAÑADA DESTE SIMPÁTICO PERSONAXE, ROQUE, QUE NOS FARÁ RIR, BAILAR E SOÑAR.



MARCELO DOBODE E BEA MARTÍNEZ: PERCUBEBÉ


NESTE OBRADOIRO OS PEQUECHOS E AS PEQUECHAS DE 0 A 6 ANOS TOMARÁN CONTACTO CO RITMO A TRAVÉS DA PERCUSIÓN, A EXPERIMENTACIÓN E A DIVERSIÓN.



MIGALLAS TEATRO: ENTRE ARROLOS E CONTIÑOS

ENTRE ARROLOS E CONTIÑOS OS NENOS COMPARTIRÁN CON QUEN OS COIDA UN MOMENTO DE PRACER, LONXE DO RUÍDO E OS QUEFACERES COTIÁNS; ESPERTANDO O SEU INTERESE POLA LITERATURA E A TRADICIÓN ORAL.

A UTOPIA EN MOVEMENTO



DANTHEA: CARAPUCHIÑA VERMELLA E O CONTO DO LOBO

UNHA MESMA REALIDADE PODE CAMBIAR DEPENDEndo DE QUEN CONTE A HISTORIA. DESTA VOLTA, NA CARAPUCHIÑA VERMELLA OU O CONTO DO LOBO É O LOBO QUE NUNHA HISTORIA.

DANTHEA TEATRO SERÁ QUEN LLE DEA VOZ AO OUTRO GRAN PROTAGONISTA DA CARAPUCHIÑA, NESTA PARTICULAR VISIÓN DO CONTO.



PETER PUNK: PEOR IMPOSIBLE

O PALLASO GALEGO DO MOMENTO, GAMBERRO E IRREVERENTE COMA SEMPRE, PRESENTA UN NOVO NÚMERO AÍNDA MÁIS CHUNGO-CHUNGO-CHUNGO-KE-TE-CAGAS. EQUILIBRIOS, LUME E MALABARES IMPOSIBLES, O MÁIS DIFÍCIL AÍNDA SEN PELOS NA LINGUA. PEOR IMPOSIBLE!



MANDARINA: LABORATORIO MÁXICO

Laura MANDARINA, UNHA DAS MÁIS RECOÑECIDAS E PREMIADAS MAGAS CÓMICAS DOS ÚLTIMOS TEMPOS, PRESENTANOS NESTA OCASIÓN, ACOMPAÑADA POLO PAXARO RIGOBERTO, UN ESPECTÁCULO ONDE HUMOR, TRUCOS DE MAXIA E MONICREQUE ALIANSE COA TENRURA E INOCENCIA DO CLOWN.



OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN: DOUS PALLASOS EN MÁIS APUROS

OS NÓSOS DOUS PROTAGONISTAS TRANSFORMANSE EN DOUS ALOUCADOS ACRÓBATAS DISPOSTOS A PRESENTAR O SEU ABRAIANTE NÚMERO DE CIRCO CHEO DE RISCO E EMOCIÓN: O VASO DA MORTE. PERO NADA LLES SAE COMO DESEXAN...



FALCATRÚA: LINOCHO E A LÚA

ESPECTÁCULO DE MONICREQUES SOBRE UN NENO CHAMADO LINOCHO QUE XOGABA COA SÚA AMIGA CHIRUCA, ATÉ QUE UN VERME XIGANTE E VESGO LLE PAPOU O SEU GLOBO! LINOCHO VAI NA SÚA PROCURA PARA OBRIGALO A QUE LLES DEA UN NOVO GLOBO E ASÍ ENTRA NO ALUCINANTE MUNDO DA FANTASÍA.



CARAMUXO: FEO

VERSIÓN DE ANDERSEN PARA NENOS DE 3 ANOS EN DIANTE: A PEQUENA FÁBRICA DE PARRULOS DE GOMA "IL PAPERIO GIALLO" PRODUCE A DIARIO CENTOS E CENTOS DE PARRULOS DO MESMO TAMAÑO E COR, MAIS UN DÍA SAE UN PARRULO DIFERENTE...



TRÍO REFUGALLO: RITMO REFUGALLO

NOVA PROPOSTA DA MAN DE MEMBROS DE ODAIKO E A MAGNIFIQUE BANDE DOS HOMES SEN MEDO QUE MESTURA CLOWN, MÚSICA SOBRE INSTRUMENTOS FEITOS A PARTIR DE MATERIAIS DE REFUGALLO, PARTICIPACIÓN E INTERACCIÓN CO PÚBLICO.

UN NOVO CONCEPTO DE PASARRÚAS QUE ESPALLA RISA E RITMO




ROJO TELÓN: SOY ELAS

A COMPAÑÍA PROPÓN UNHA VIAXE EMOCIONAL ÍNTIMA MAIS DIVERTIDA DE TRES MULLERES QUE SE ATOPAN NO MESMO CAMIÑO E DECIDEN SEGUIR XUNTAS. POESÍA CORPORAL, A TRAVÉS DE ELEMENTOS AÉREOS (TRAPECIO TRIPLO, TEAS...) E ACROBACIAS DE CHAN E VERTICAIS, QUE XERARÁN IMAXES DE MOITA FORZA VISUAL E SIGNIFICATIVA, COMBINADAS CO CLOWN.



JAVI JAVICHY: VELÓ COMO EL RAYO

MALABARES, DIÁBOLOS, MAZAS OU PELOTAS SON O FÍO CONDUTOR DA HISTORIA DO PRIMEIRO DÍA DE TRABALLO DUN MALABARISTA, QUE XOGA COAS REACCIÓNS DO PÚBLICO E BUSCA O RISCO SOBRE OS CILINDROS.



FUMAN: MUSICOLOCO

O ARTISTA DO MOMENTO! DESPOIS DE "PETALO" NAS REDES SOCIAIS CO VÍDEO DESTE NÚMERO, COMBINACIÓN IMPECABLE DE MÚSICA E MALABARES, CHEGA ÁS RÚAS DA CORUÑA.



TROULA: HAKUNA MATATA

PASARRÚAS MOI... ANIMAL! POLAS RÚAS DA CORUÑA, QUE SE CONVERTERÁN NA SABANA AFRICANA POR UN MOMENTO: RINOCERONTES, XIRAFAS, ELEFANTES...



DJUGLEDY: IL DIABOLO

ESTE "TOLO GUIRI ALEMÁN" PRESENTA UN NÚMERO CON 1, 2, 3... MOITOS DIÁBOLOS! CON MOITA RISA, MÚSICA E ENERXÍA POSITIVA.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURAS